



DATOS IDENTIFICATIVOS

Fonética e fonoloxía do galego

Materia	Fonética e fonoloxía do galego			
Código	V01G160V01604			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Profesorado	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Correo-e	xsalgado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia pretende que o alumnado reflexione sobre a compoñente fónica da lingua galega. Pártese da delimitación e caracterización das dúas disciplinas que a estudan, Fonética e Fonoloxía, e abórdase logo a descrición do sistema vocálico galego, tónico e átono, a sílaba e os ditongos, o sistema consonántico, para rematar no nivel suprasegmental con todo o referido á prosodia. Dedicase especial atención á mellora da fonética e da prosodia do alumnado, alí onde son máis apreciadas as interferencias do castelán, coa proposta de actividades de carácter oral.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Dominar a comunicación cos e coas falantes das linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais, desenvolvendo a capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, con tolerancia cara á diversidade social e cultural como resultado de defender os dereitos fundamentais de igualdade social, de xénero, de raza e de orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
B5	Que o alumnado desenvólvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Identificar, reproducir e describir os sons do galego.	A1
Interpretar procesos de variación e cambio fonéticos e fonolóxicos en galego.	A3
Transcribir fonolóxicos e foneticamente textos do galego de diferente tipo.	A3
Coñecer e aplicar os conceptos, técnicas e métodos de análise da compoñente fónica da lingua galega, e presentar o seu resultado tanto oralmente como por escrito, seguindo as convencións académicas.	A9 B5 A13
Ser capaces de sensibilizar na apreciación da diversidade lingüística e eliminar prexuízos lingüísticos, sobre todo no nivel fónico da lingua.	A7

Contidos

Tema

I. A análise fonética e fonolóxica do galego	1. Fonética e Fonoloxía: definición e caracterización. Sons, fonemas e grafías. A transcripción dos sons: os alfabetos fonéticos (AFI e RFE). 2. Fonética da lingua galega. Subdisciplinas: fonética acústica, fonética articulatória e fonética auditiva. Descrición articulatória dos sons lingüísticos do galego. 3. Fonoloxía estrutural da lingua galega. Os fonemas. Delimitación e definición. Segmentación e conmutación. Oposición e trazos distintivos. Neutralización e arquifonemas.
II. O sistema vocálico	1. A posición tónica: fonemas e realización. Contextos en que aparece /E, e, O, o/. Fenómenos de variación e interferencia. 2. A posición átona. As vogais pretónicas /E, O/. A realización das vogais postónicas. Fenómenos de variación: modificación, adición e supresión.
III. A sílaba. Ditongos, tritongos e hiatos	1. A sílaba: concepto, estrutura e tipos. 2. Ditongos, tritongos e hiatos: definición e caracterización. Fenómenos de variación.
IV. O sistema consonántico	1. Estrutura do sistema do galego común e outros sistemas. 2. Fenómenos de variación nas consoantes oclusivas (os grupos cultos, a gheada), nas sibilantes (o seseo, o rotacismo, a aspiración), nas nasais, nas líquidas (o ieísmo) e nas vibrantes (metátese).
V. A prosodia do galego	1. A fonética sintáctica: o sandhi externo. Resultados de encontros de vogal + vogal, consoante + vogal e consoante + consoante: fenómenos máis frecuentes. 2. Acento e entoación.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	26	55	81
Actividades introdutorias	2	7	9
Eventos docentes e/ou divulgativos	0	1	1
Sesión maxistral	20	35	55
Probas de resposta curta	2	0	2
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1	0	1
Outras	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O docente entregará actividades en que se formulan problemas e /ou exercicios relacionados con contidos da materia, que complementan as leccións maxistras. Préstase especial atención á transcripción e ó comentario fonéticos de textos de diferente tipo e rexistro. Naqueles casos en que o profesor entregue previamente os exercicios, recoméndase que o/a alumno/a os traia traballados.
Actividades introdutorias	Son actividades encamiñadas a expoñer os obxectivos, as principais tarefas do curso e a bibliografía da materia. Especificamente pídesse ó alumnado a familiarización o antes posible cos símbolos fonéticos do AFI.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Son horas dedicadas polo alumnado a acudir a conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates etc. realizados por relatores/as de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Sesión maxistral	Son as horas que o docente dedica a expoñer contidos da materia e as directrices e bases teóricas dos traballos, exercicios, comentarios e transcripcións fonéticas que deberá facer o alumnado. Recoméndase que cando o profesor facilite por adiantado fotocopias ou outro material o alumnado traia previamente traballado ese material.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O docente terá titorías individualizadas ou en pequeno grupo cando así o requira o alumnado en canto ás directrices que debe seguir nos traballos guiados ou nos comentarios dos erros cometidos nas transcripcións fonéticas que se manden entregar como parte da avaliación.
Resolución de problemas e/ou exercicios	O docente terá titorías individualizadas ou en pequeno grupo cando así o requira o alumnado en canto ás directrices que debe seguir nos traballos guiados ou nos comentarios dos erros cometidos nas transcripcións fonéticas que se manden entregar como parte da avaliación.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Durante o curso, o docente especificará que actividades prácticas das propostas son avaliábeis. Especificamente, o estudante deberá entregar nas datas indicadas a transcripción fonética estreita de 4 textos propostos polo docente e o resumo crítico de tres artigos que se indican na "Bibliografía". Tamén se valorará a participación activa na resolución das outras actividades. O alumnado de avaliación única deberán realizar obrigatoriamente un "Traballo titorado", para o cal deberán pórse en contacto co profesor.	25
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia ás clases sempre e cando sexa máis do 80% delas.	5
Probas de resposta curta	Realizarase unha proba escrita de resposta curta na última semana de clase (provisionalmente o 7 de maio de 2015) sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Esta proba pode coincidir no mesmo día que as probas de resposta longa.	30
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Realizarase unha proba escrita con preguntas de resposta longa de tipo comentario e de desenvolvementos sobre os contidos teórico-prácticos da materia na semana última de clase (provisionalmente o 7 de maio de 2015). Esta proba pode coincidir no mesmo día que as probas de resposta curta.	30
Outras	Realizarase unha proba oral ó final do cuadrimestre na que o estudante deberá demostrar que domina o estándar fónico galego, sobre todo os trazos fónicos individualizadores. Será necesario superar esta proba para aprobar a materia.	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen **dous sistemas de avaliación** da materia:

a) **Avaliación continua**, para o alumnado que asista regularmente ás clases presenciais, e realice e entregue as tarefas de avaliación indicadas polo profesor en tempo e forma. A puntuación final obterase da suma das porcentaxes das puntuacións expresadas arriba. De non superar algunha das actividades que se avalían, o profesor poderá mandar repetilas para corrixilas. En todo caso, o/a alumno/a polo menos deberá ter aprobado os apartados de "Probas escritas de resposta curta" e "Probas de resposta resposta longa"; estes exames escritos realizaranse na última semana de clase (provisionalmente o 7 de maio de 2015) (**convocatoria de maio**). De non superar a materia en maio, o alumnado deberá realizar un exame escrito na **convocatoria oficial de xullo**. A final do curso tamén se realizará un exame oral individual, que o alumnado deberá superar para aprobar a materia. Se por causa xustificada algún alumno/a non pode cumprir a condición de asistencia regular ás clases e a entrega das tarefas deberá comunicarllo ó docente, quen poderá habilitar outras actividades compensatorias. No caso de que o/a alumno/a renuncie á avaliación continua ou incumpra as condicións esixidas para a avaliación continua pasará a ser avaliado polo sistema b) de "Avaliación única".

b) **Avaliación única**. O alumnado que non opte polo sistema de "avaliación continua", para superar a materia na convocatoria de maio deberá entregar obrigatoriamente un "**Traballo tutelado**" (20% da nota final) o día do exame escrito e examinarse sobre todos os contidos da materia nun **exame escrito final único** que se celebrará na última semana de clase (provisionalmente o 7 de maio de 2015), ese mesmo día farase tamén un **exame oral** (10% da nota). De non superar a materia en maio, o alumnado deberá repetir as partes suspensas na **convocatoria de xullo**, na data que dispoña a Facultade. O alumno/a deberá superar obrigatoriamente o exame oral para aprobar a materia. O "Traballo titorado" consistirá na gravación, transcripción e comentario dun texto do galego oral- deberán poñerse en contacto co profesor para máis detalles deste traballo. Os/as alumnos/as que opten por este sistema poderán asistir ás aulas e ser atendidos nas titorías cando o solicitaren.

Bibliografía. Fontes de información

Gramáticas galegas con parte de Fonética e Fonoloxía

Álvarez, R., X.L. Regueira & H. Monteagudo (1986): [Fonética e fonoloxía], en *Gramática galega*. Vigo: Galaxia, 11-46.

Álvarez, R. e Xove, X. (2002): [Fonética e fonoloxía], en *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia, 23-47

Freixeiro Mato, X. R. (1998): *Gramática da lingua galega*. v. 1: *Fonética e Fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.

Bibliografía básica

NOTA: Nas aulas darase unha bibliografía máis específica sobre fenómenos fonéticos particulares do galego.

Recomendacións

Outros comentarios

Para poder seguir a materia cómpre ter un coñecemento activo elevado do galego oral.
